

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 28. Promoción

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarán de xeito independente.

3. **Ademais**, o equipo docente **poderá decidir a promoción** dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:**

a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.

b) Que a **suma dos períodos lectivos semanais** establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos **con avaliación negativa non sexa superior a dez**. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa **non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte**.

d) Que o equipo docente considere que ten **expectativas favorables de recuperación**.

e) Que o equipo docente considere que **a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica**.

Artigo 29. Titulación

2. O alumnado que **supere todas as materias ou os ámbitos cursados** obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria . **Ademais** de no caso anterior, o equipo docente **poderá decidir a obtención do título** por parte dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**

a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.

b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno **adquirira as competencias clave** establecidas no perfil de saída.

c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno **alcanzase os obxectivos** da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.